

Axudas para instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial (IN422M)

Axencia Instituto Enerxético de Galicia

Obxecto

Convocatoria de axudas correspondente ás anualidades 2021-2023 para o Programa 6 de incentivos vencellados á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, de acordo coas bases reguladoras previstas no Real decreto 477/2021 (BOE núm. 155, do 30/06/2021)

Serán subvencionables os proxectos executados con posterioridade á publicación das bases reguladoras destas axudas no BOE núm. 155, do 30 de xuño de 2021; tanto as facturas como os xustificantes de pagamento deberán levar data posterior á da súa publicación.

Beneficiarios

De conformidade co artigo 11 das bases reguladoras, os destinatarios últimos das axudas son os seguintes:

- a. Persoas físicas que non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado.
- b. Entidades ou organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, ou persoas xurídicas que non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado, que acrediten a posta á disposición de colectivos vulnerables de vivendas sociais, sen que tal actividade, no caso de xerar algún rendemento económico, se poida considerar actividade económica para os efectos da aplicación da normativa europea de axudas de Estado, sen prexuízo da aplicación do resto de disposicións tanto de dereito nacional como da Unión Europea, particularmente as que se aproben no ámbito da execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia como do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- c. As persoas físicas que realicen algunha actividade económica, pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado, caso en que deberán estar dados de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores da AEAT,
- d. Comunidades de propietarios, reguladas pola Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, que terán que cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- e. As entidades locais e do sector público institucional.

Solicitudes e documentación

A solicitude presentaraa directamente o solicitante, salvo cando este sexa unha **persoa física** que non realice actividade económica ou unha comunidade de propietarios, que o fará a través dunha **entidade colaboradora**.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, www.inega.gal

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a. Oferta do provedor da actuación que se pretende levar a cabo.

Unha oferta dun provedor cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona sexa inferior a 15.000 € e, tres ofertas de distintos provedores cando o investimento sen IVE da actuación supoña un gasto para o beneficiario igual ou superior 15.000 € (salvo no caso de entidades xurídicas públicas).

Prazo

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará, segundo a tipoloxía do proxecto, nas seguintes datas:

- Xeotermia e hidrotermia: o 15 de decembro de 2021, ás 9.00 horas.
- Aerotermia: o 16 de decembro de 2021, ás 9.00 horas.
- Biomasa e solar térmica: o 17 de decembro de 2021, ás 9.00 horas.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda finalizará o 31 de decembro de 2023; ao ser inhábil prorrógase ata o **2 de xaneiro do 2024** para todas as tipoloxías de proxectos.

Normativa

Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (IN422L e IN422M).(DOG nº 215 do 9/11/2021)